PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

DO CONCELLO DE MUXÍA

2021-2024

CONCELLO DE MUXÍA

feitos, non palabras
lema das sufraxistas en 1903

PROXECTO FINANCIADO CON CARGO AOS CRÉDITOS RECIBIDOS DO MINISTERIO DE IGUALDAD, SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDAD Y CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO

RESPONSABLE: CONCELLO DE MUXÍA

COORDINACIÓN: CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE MUXÍA
REDACCIÓN: NOVA XESTIÓN CULTURAL, S.L.
DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN: TRIWUS, S. COOP. GALEGA

LIMIAR

PRESENTACIÓN

1. POR QUE ESTE PLAN

2. ANTECEDENTES

    2.1. O CONTEXTO

    2.2. PERFIL SOCIOECONÓMICO DE MUXÍA

    2.3. AVALIACIÓN PREVIA DO PLAN DE IGUALDADE

3. O PLAN

    3.1. LIÑA MESTRA

    3.2. PRINCIPIOS

    3.3. ÁREAS DE ACTUACIÓN

4. FERRAMENTAS DE TRABALLO

    4.1. FERRAMENTAS PARA O DESEÑO E O SEGUEMENTO

    4.2. FERRAMENTAS PARA A COMUNICACIÓN

AGRADECEMENTOS

PRESENTACIÓN

A violencia de xénero é a punta do iceberg dunha serie de comportamentos machistas que comezan con situacións de desigualdade, moitas delas invisibles.

Recoñecer que existe a desigualdade é o primeiro paso para a loita contra a violencia de xénero. Se non aceptamos e observamos a sociedade dende o punto de vista da igualdade entre mulleres e homes, non seremos quen de acabar coas violencias machistas. Unhas violencias cada vez máis complexas, con máis matices, que son reflexo dunha sociedade diversa e cambiante, na que a tecnoloxía ten un papel relevante.

É responsabilidade das administracións públicas ser referentes e impulsoras das políticas de igualdade. Políticas que, como xa decían as sufraxistas en 1903, deben traducirse en feitos, non en palabras. Accións encamiñadas á atención e á protección ás vítimas, pero tamén accións para que a sociedade sexa un elemento fundamental na detección e na loita contra a violencia. E isto pasa por sensibilizar, por formar, por debater e falar. Accións que, se ben deben comezar nas idades temperás, tamén son moi necesarias na poboación adulta.

Por iso este Plan. Queremos traballar en conxunto coa cidadanía, queremos unha sociedade sensibilizada, observadora e loitadora, cun Plan que máis que definir obxectivos a acadar de aquí a catro anos, nos diga como conseguilo, como traballar.

Este Plan é de todas e todos, e queremos facelo con todas e con todos, porque é de para todas e para todos.

Olalla Benlloch, Concelleira de Igualdade do Concello de Muxía

1. POR QUE ESTE PLAN

Este Plan xurde da necesidade de dar continuidade á política pública en materia de loita contra a violencia machista desenvolvida dende o Concello de Muxía.

Co seu II Plan de Igualdade, este concello foi impulsor dun gran número de actuacións na defensa da igualdade entre mulleres e homes; máis de dez anos despois, Muxía quere dar un paso máis e incidir na idea de que sen igualdade seguirá habendo violencia. Unha violencia que adoita ter moitos formatos, que se manifesta en diferentes contextos, espazos, situacións, que afecta a mulleres de diferentes idades, condicións socioeconómicas e culturais.

A sociedade é cada vez máis consciente das diferentes facetas da violencia; como se di tantas veces, os asasinatos son a parte máis visible dun iceberg do que só se ve a punta. Pero quedan invisibilizadas moitas outras violencias que, por non ser tan aparentes, non deixan de ser situacións inadmisibles nun estado de dereito.

É responsabilidade de toda a sociedade ser quen de detectar estas situacións e de facerlles fronte. A administración pública ten que impulsar políticas que xeren espazos para a acción, para o debate, para a comunicación e a aprendizaxe. En definitiva, ten que liderar accións para ir construíndo unha cidadanía sensibilizada e crítica.

Por isto este Plan. Un **Plan de Igualdade contra a Violencia de Xénero do Concello de Muxía**. Un documento que máis que definir políticas, sexa un documento de traballo que se poida ir construíndo entre todos e todas, cun enfoque participativo, flexible, adaptable ás diferentes circunstancias e necesidades da nosa contorna. Que achegue ferramentas e mecanismos de traballo que axuden ao deseño, á xestión destas políticas e actuacións públicas. Neste sentido, o liderado político é fundamental, un liderado que inspire, que impulse accións a nivel municipal e social para a construción dunha contorna máis sensibilizada, máis participativa e máis igualitaria.

2. ANTECEDENTES

2.1. O CONTEXTO

No momento de redacción deste documento, vimos de atravesar un ano de moitas dificultades sanitarias, económicas e sociais a nivel mundial por mor da COVID19. A pandemia desembocou nunha situación de crise económica (peche de empresas, aumento do paro) e, en xeral, de crise social que afectou a toda a poboación mundial e que, coma tódalas crises, afecta máis ás persoas en situación de vulnerabilidade.

Así, o incremento do **número de persoas usuarias dos servizos sociais** e a dependencia de fondos públicos para sobrevivir é unha tendencia xeralizada. Además desta dependencia económica da administración pública (prestacións sociais, etc), cambian e aumentan **outro tipo de demandas:** atención psicolóxica, traballo de xestión e asesoramento, protección, etc.

No referente ás **desigualdades de xénero e á violencia**, estase comprobando tamén que o confinamento:

- Aumentou a **carga sobre as mulleres** dos coidados familiares (educación en liña, coidado da casa, de menores e maiores, etc), ao tempo que teletraballaban ou traballaban fóra.

- Agudizou os casos de **violencia de xénero**, sendo especialmente significativo o aumento do número de chamadas ao 016, mentres descendía o número de denuncias. Descendeu o número de homicidios, porque o control dos homes sobre as mulleres durante o confinamento foi maior, mentres o maltrato intrafamiliar e contra as mulleres, físico e psicolóxico aumentou, pero foi invisibilizado.

Nunha contorna coma esta, hai que destacar a maior **dependencia da tecnoloxía** para moitos dos procesos diarios: educación, traballo, comunicación, xestión e trámites administrativos, etc. Observouse durante esta pandemia que o **acceso á tecnoloxía na nosa contorna foi moi irregular**, convertíndose nun problema real para poder levar a cabo moitos deses procesos.

Acompañada ao problema de acceso, a **fenda dixital de xénero** tamén se puxo en evidencia: moitas das mulleres, responsables da carga doméstica (axuda a menores nos estudos, deberes), teletraballadoras, xestoras, non tiñan a capacitación e formación suficientes para poder usar a tecnoloxía de forma eficiente, xerando o que denominamos **"dependencia dixital de xénero"** (ter que recurrir a outras persoas para facer fronte a problemas ou situacións de descoñecemento tecnolóxico, **restando autonomía** ás mulleres para a xestión de certos procesos).

Esta contorna hiperdixitalizada supón tamén unha **fenda dixital xeracional**; é decir, obsérvase un uso diferente da tecnoloxía por xeracións: diferentes redes sociais según idades, hábitos para socializar diferentes a través da tecnoloxía, sistemas de educación en liña, con acceso a recursos en diferentes plataformas cos que moitas familias non estaban familiarizadas. A isto hai que engadir un acceso masivo entre a mocidade a todo tipo de contidos, sen filtros. Hoxe en día, ser responsable dun/ha menor, supón un esforzo adicional de estar ao día en diferentes contornas dixitais e tecnolóxicas, que non todas as persoas poden asumir e/ou asimilar.

Sendo así, e pese a tódalas vantaxes que supón a tecnoloxía de cara á comunicación en liña, á creatividade, á xestión, si presenta outros matices: a sobreexposición en redes sociais, a cultura do visual, a inmediatez e a falta de rigor en moitos contidos cos que nos atopamos na rede. A **falta de espírito crítico** ante este paradigma da postverdade (onde a obxectividade ten menos influencia sobre a opinión pública que as opinións e influencias que certas persoas ou grupos de presión poidan facer) supón o maior risco de todos. Non saber quen somos e, sobre todo, non saber como protexernos a nós e ás nosas familias dos que, tristemente temos que chamar perigos de internet: acoso en redes sociais, acceso a contidos machistas, violentos e que amosan unha imaxe irreal das relacións persoais e sexuais, hipersexualizando e degradando a imaxe da muller e convertíndoa en produto de consumo. Unha imaxe que, sen espírito crítico, se normaliza.

E nesta contorna na que todo se relaciona con todo, no que todo cambia tan rápido e non temos a certeza sobre nada (o que Zygmunt Bauman chamou *Vida Líquida*) non saber ubicarnos como seres individuais ten os seus riscos.

2.2. PERFIL SOCIOECONÓMICO DE MUXÍA

De xeito resumido amósase a situación socioeconómica do Concello de Muxía, baseada fundamentalmente en datos obtidos do IGE (Instituto Galego de Estatística) para o ano 2020.

Poboación de Muxía **4596 habitantes**, distribuidas case equitativamente entre homes e mulleres.



Superficie	122 kilómetros cadrados, 14 parroquias. Índice de concentración da poboación de 36 persoas por kilómetro cadrado (a media da provincia é de 122, o que indica que Muxía ten unha elevada **dispersión da poboación**).
Idade media	52 anos
Tasa de **desemprego**	14,7%
Maior **concentración de paro entre as mulleres maiores de 25 anos** (67%), especialmente no sector servizos. **A taxa de paro nas mulleres duplica a dos homes.**	
Renda media bruta por habitante (datos 2018)	11.226 euros
Lixeira tendencia ao **descenso da poboación**, tanto por movementos migratorios como por movementos naturais (máis defuncións que nacementos). Aínda que se observa un abandono da actividade rural en xeral, si que existen pequenos movementos de mozos e mozas que deciden quedarse no campo e na actividade agrícola e gandeira como modo de vida.	
O tecido empresarial de Muxía concéntrase nos sectores da **agricultura e a pesca**, estando a maior parte destas empresas constituidas por **persoas físicas**. O resto de empresas son, na súa maior parte, **micropemes** (menos de 10 persoas traballadoras).	
O movemento **cooperativo** é o menos predominante, con 4 sociedades deste tipo. Por outra banda, existe un destacable **movemento asociativo**, especialmente centrado no eido cultural (festas da Barca, por exemplo) e deportivo.	
Estruturas familiares tradicionais: parellas que casan a idades temperás (30 anos, aproximadamente), nas que a muller queda en casa coidando da familia e facendo labores domésticas e o home traballa fóra.	

2.3. AVALIACIÓN PREVIA DO PLAN DE IGUALDADE

Outra das bases fundamentais para a redacción deste Plan é a avaliación previa do II Plan de Igualdade do Concello de Muxía, que foi implementado no ano 2010 e contou con varias prórrogas ata o ano 2021.

O proceso de avaliación contou cunha premisa fundamental, que foi a súa compoñente participativa. Neste sentido, entrevistouse e mantivéronse varias xuntanzas con diferentes persoas e grupos sociais e municipais de Muxía, e realizáronse varias enquisas a colectivos como alumnado do instituto, profesorado, persoal municipal, etc.

Deste proceso, obtivéronse unha serie de conclusións que son a base fundamental para a definición deste Plan e que, de forma resumida, son:

- A necesidade de contar cun Plan cun elevado compoñente **práctico e útil.**
- A importancia de **dar a coñecer o Plan** a nivel social.
- A **sensibilización** en materia de igualdade como base fundamental para o plantexamento de calquera política de loita contra a violencia de xénero.
- A necesidade de **dar a coñecer o traballo do CIM**, rachando con ideas preconcebidas.
- A **participación e a socialización** como elementos fundamentais nas accións a desenvolver.
- A necesidade da **transversalidade** da perspectiva de xénero, especialmente a nivel municipal.
- A **visibilización e a autonomía das mulleres** a nivel social, económico e cultural.
- A **colaboración e o traballo** en rede, especialmente no eido da atención e á protección ás vítimas.

3. O PLAN

Partindo das premisas anteriores, tomouse a decisión de deseñar un Plan que, además de definir estratéxicamente **cara onde se quere ir** na acción municipal de loita contra a violencia de xénero, sexa unha **ferramenta de traballo** en si.

Neste sentido, búscase un Plan moito máis **dinámico** e adaptado ás circunstancias cambiantes da contorna e ás achegas que se poidan recibir polo camiño. Un documento máis **funcional, máis flexible e práctico,** con ferramentas que sirvan ás persoas responsables da súa implementación no Concello, para o seu deseño, seguemento e avaliación continuadas.

Con isto, o Plan está formado por dúas partes fundamentais:

PLAN DE IGUALDADE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE MUXÍA	
ELEMENTOS ESTRUTURAIS E CONTIDOS	FERRAMENTAS DE TRABALLO

ELEMENTOS ESTRUTURAIS E CONTIDOS

Consiste na definición **da liña mestra, os principios rectores do Plan e áreas de actuación:** as guías conceptuais que axudan á definición e concreción das actuacións que se vaian ir desenvolvendo ao longo dos anos en vigor do Plan.

Así, a estrutura é a seguinte:

LIÑA MESTRA OU MISIÓN DO PLAN				
	PRINCIPIOS	PRINCIPIOS	PRINCIPIOS	PRINCIPIOS
ÁREAS DE ACTUACIÓN				
ÁREAS DE ACTUACIÓN				
ÁREAS DE ACTUACIÓN				
ÁREAS DE ACTUACIÓN				

Por outra banda, o Plan está composto por unhas **FERRAMENTAS DE TRABALLO.** Así, este documento acompáñase dunha serie de documentos e sistemas de recollida de información-tipo, tamén en formato dixital, que axudarán ao deseño, á xestión, seguemento e comunicación das accións que se vaian a desenvolver.

Nos seguintes apartados defínense estes elementos comezando polos elementos estruturais e conceptuais.

De forma resumida, a estrutura do Plan é esta:

LIÑA MESTRA
a igualdade como ferramenta de loita contra a violencia de xénero

	PRINCIPIOS			
LIÑAS	Transversalidade	Sensibilización	Practicidade concreción	Diversidade
Mecanismos de coordinación e traballo conxunto				
Espazos para asocialización e participación social				
Autonomía e presenza das mulleres				
Comunicación e visibilización do traballo en igualdade e prevención da violencia de xénero				

3.1. LIÑA MESTRA

A liña mestra é o **principio rector** do Plan, o que se ten que buscar con tódalas accións que se desenvolvan nos vindeiros anos.

Así, o fundamento básico deste Plan de Igualdade é:

a igualdade como ferramenta de loita contra a violencia de xénero

Isto supón:

- Entender **que é igualdade entre mulleres e homes.**
- Entender que a violencia de xénero existe **porque** existe a desigualdade entre mulleres e homes.
- A violencia de xénero é un **problema social** que é responsabilidade de todos e todas. Non é algo que se solucione exclusivamente con educación a rapaces e rapazas; supón un proceso de **interiorización** que parte da **sensibilización** e da **comunicación** a toda a cidadanía.
- A violencia machista toma diferentes **formas**, moitas delas invisibles, que hai que saber recoñecer. Os asasinatos e o maltrato físico son a punta do iceberg.

3.2. PRINCIPIOS

Son os **elementos conceptuais** que **inspiran** ás accións que se van desenvolver ao longo da súa vixencia, os obxectivos xerais que se deberían ir cumplindo:

Transversalidade. Este concepto pode explicarse do seguinte xeito:

- A igualdade e a loita contra a violencia non son compartimentos estancos; non deben contemplarse como aspectos exclusivos ao CIM (Centro de Información á Muller). Deben estar presentes como liña política e tamén na operativa interna de traballo a nivel municipal.
- Coa transversalidade búscase a equidade de xénero e cambios funcionais e estructurais, aumentar a conciencia de xénero e incorporala na nosa vida cotiá, na nosa vida familiar, social, amistades e no traballo.
- A transversalidade consíguese coa coordinación interdepartamental dentro do Concello así como con outras entidades e organismos colaboradores.
- Tamén se consigue con mecanismos de comunicación continuada das accións en materia de igualdade a nivel interno e externo, como ferramenta inspiradora e concienciadora.
- Descentralizando as accións desenvolvidas de tal forma que se teñan en consideración espazos existentes no rural como centros sociais e se fomente a interrelación entre mulleres que non viven no núcleo urbano.

Sensibilización, que supón:

- O Plan debe contemplar nas súas accións a compoñente sensibilizadora, de tal xeito que a igualdade sexa entendida como unha loita de todos e todas. O que se pretende é fomentar a conciencia, a sensibilidade e o compromiso hacia a equidade entre homes e mulleres,
- A sensibilización contribúe ao proceso de interiorización de determinados conceptos e situacións que agora non se entenden como violentas, por exemplo. O Plan debe contribuir a despertar conciencias e a axudar á cidadanía a mirar a realidade con outros ollos.
- A sensibilización pode ter diferentes formatos: formación,

comunicación, boas prácticas, etc.

Practicidade e concreción:

- Definir tipoloxías de accións adaptables según ás circunstancias, contextos e situacións.
- Practicidade: mellor facer menos e ben e controlado que ambicionar moitos obxectivos e accións que despois non se poden levar a cabo (por falta de tempo, recursos, cambio na contorna, etc).
- Debe ser fácilmente controlable (ferramentas de documentación e seguemento).

Diversidade, entendendo o seguinte:

- Contemplar que vivimos nunha sociedade complexa e que, polo tanto, a acción social pública debe atender a situacións diversas (diversidade sexual, física, mental, económica, de idade, de nacionalidade, por exemplo) moitas delas interconectadas.
- A diversidade ten especial relevancia á hora de atender e xestionar as vítimas ou posibles vítimas de violencia de xénero. Elementos sociais, culturais, económicos, psicolóxicos e de saúde son determinantes e condicionantes dunha boa atención e protección ás mulleres.
- A violencia tamén ten formas diversas: violencia psicolóxica, sexual, física, verbal, con moitos matices e formatos, que han de ser detectables a través de accións sensibilizadoras.

3.3. ÁREAS DE ACTUACIÓN

As áreas de actuación son aquelas guías que indican **cara onde** deben dirixirse as actividades que se desenvolvan ao fío do Plan de Igualdade.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E TRABALLO CONXUNTO
ESPAZOS PARA A SOCIALIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL
AUTONOMÍA E PRESENZA DAS MULLERES
COMUNICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO TRABALLO EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Para cada unha destas áreas establécense unha serie de **accións con actividades-tipo**.

Para iso, créanse as seguintes **fichas** con accións para cada unha das áreas de traballo; a finalidade das seguintes fichas explicativas é amosar **exemplos** de actividades que se poden levar a cabo, pero que dende o Concello haberá que ir revisando e definindo de xeito periódico, contando para iso cos mecanismos de traballo propostos (apartado 4).

Algúns destes exemplos de actividades repítense, xa que se adaptan a diferentes áreas de actuación; é decir, non se debe tomar esta estrutura como algo ríxido, senón ao contrario: trátase dunha forma de traballar flexible e adaptable ás circunstancias, sempre tendo claros os principios e as áreas de actuación que debemos seguir.

De xeito periódico, o equipo técnico e político encargado do seu deseño e desenvolvemento deberá ir **definindo** as actividades para cada unha das áreas, tendo en conta os principios do Plan.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E TRABALLO CONXUNTO		
PARA QUE?		
• Para integrar a perspectiva de xénero a nivel municipal. • Para sensibilizar e formar ao persoal municipal. • Para repartir esforzos no deseño e organización de actividades. • Para dar a coñecer o traballo do CIM a nivel interno. • Para axilizar e facilitar o deseño e definición de prioridades a nivel municipal. • Para axilizar a coordinación político-técnica.		
ACCIÓNS	EXEMPLOS	
Revisión continuada do Sistema de Traballo en Rede para a loita contra a violencia de xénero	Presentación e entrega de exemplares do protocolo conxunto de actuación.	
	Reunión semestral para posta en común e revisión de procedementos.	
	Formación a integrantes do Sistema de Traballo en Rede	- Curso "Guía de detección de situacións de violencia de xénero" - Curso de linguaxe inclusiva - Curso "atención ás diversidades"
Revisión continuada do Plan de Igualdade e definición de prioridades e deseño de actividades	- Xuntanzas con responsables a nivel político para a decisión de prioridades - Xuntanzas coa Mesa Local de Coordinación Interinstitucional - Xuntanzas internas para revisión de actividades realizadas e documentación (datos cuantitativos, cualitativos, etc). - Sondaxes periódicas á cidadanía para avaliación das actividades e detección de novas necesidades	
Implantación dun programa formativo para o persoal municipal	- Curso de linguaxe inclusiva - Obradoiros para a detección das violencias - Formación sobre traballo en rede e mecanismos de compartición de información	
Xuntanzas e colaboracións con outras unidades municipais para o deseño conxunto de accións	Deportes	-Andainas de mulleres -Campionatos mixtos (infantil) -Campaña para a promoción do deporte feminino
	Cultura	-Galería de Mulleres. -Faladoiros e encontros (historias de mulleres de Muxía, etc) -Club de lectura -Obras de teatro con perspectiva de xénero
	Mocidade	-Faladoiros sobre saúde sexual. -Curso de linguaxe inclusiva para a mocidade, con especial atención á comunicación en redes sociais
	Turismo e emprego	-Faladoiros "Boas prácticas turísticas desenvolvidas por mulleres"
	Medio ambiente	-Campaña de sensibilización "Aposta polo clima" con perpectiva de xénero

ESPAZOS PARA A SOCIALIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL	
PARA QUE?	
• Para que as mulleres teñan espazos para socializar, con especial atención ás mulleres do rural. • Para que haxa un intercambio interxeracional e cultural entre mulleres que fomente unha aprendizaxe mutua. • Para fomentar o traballo e a colaboración entre asociacións, especialmente as formadas por mulleres. • Para o fomento da corresponsabilidade, especialmente no fogar.	
ACCIÓNS	EXEMPLOS
Accións deportivas para diferentes públicos	Andainas de mulleres, con especial atención ás mulleres do rural
	Carreiras e deportes mixtos para públicos de diferentes idades
	Defensa persoal con perspectiva de xénero
Xuntanzas e debates con asociacións	-Presentacións conxuntas das asociacións de Muxía. -Curso de linguaxe inclusiva para asociacións
Obradoiros sobre sexualidade	-Obradoiros orientados á poboación xuvenil. -Obradoiros orientados a público infantil. -Obradoiros para público adulto. Por exemplo: sexualidade na terceira idade, ciclo sobre menopausa, etc.
Obradoiros tecnolóxicos con perspectiva de xénero	-Xestións administrativas con tecnoloxía (certificado dixital, banca electrónica, etc). -Uso responsable e critico das redes socias. -Fotografía co móbil (retratos, que vemos da nosa contorna, etc).
Ciclo de cine con perspectiva de xénero	-Cine de verán -Cinefórum: visionado de películas con debate posterior

AUTONOMÍA E PRESENZA DAS MULLERES		
PARA QUE?		
• Atención á diversidade, tendo en conta factores como idade, saúde, cultura, etc, etc. • Empoderamento das mulleres. • Fomento do autoemprego e empregabilidade das mulleres, tendo en conta a contorna e sectores e formatos emprendedores relacionados coa economía circular. Sectores emerxentes como son o turismo, as enerxías limpas, o coidado do medio ambiente e formatos como o cooperativismo, son algúns exemplos. • Presenza das mulleres en novos modelos emprendedores con especial fincapé no rural, o turismo de calidade cunha especial atención á nova economía do clima. • Redución do traballo administrativo a nivel municipal, formando e fomentando a autoxestión de determinados procesos. • Rachar coa fenda dixital de xénero.		
ACCIÓNS	**EXEMPLOS**	
Faladoiros Mulleres que inspiran	Sesións de presentación de experiencias profesionais desenvolvidas por mulleres	
Ciclo sobre saúde mental	Faladoiros e obradoiros sobre diferentes aspectos relacionados coa saúde mental	
Accións formativas, esencialmente destinadas a mulleres	Obradoiros tecnolóxicos	-Xestións administrativas con tecnoloxía (certificado dixital, banca electrónica, etc). -Ferramentas TIC para o teletraballo. -Uso responsable e critico das redes sociais. -Fotografía co móbil (retratos, que vemos da nosa contorna, etc). -Plataformas para videochamadas.
	Obradoiros para a corresponsabilidade	-Cursos de carpintería. -Cursos de fontanería. -Cursos de cociña. -Cursos de labores do fogar: prancha, lavado, limpeza, etc, etc.
	Obradoiros e faladoiros para o emprendemento	-Faladoiro: que é a economía circular -Obradoiro de deseño e xestión de proxectos -Obradoiro “fai o teu curriculum e promociónate para o emprego” -Faladoiro: emprendemento dende o rural.

COMUNICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO TRABALLO EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	
PARA QUE?	
• Rachar cos estereotipos de xénero. • Sensibilizar á poboación sobre a igualdade entre mulleres e homes e concienciar sobre os diferentes tipos de violencia. • Comunicar e explicar o traballo do CIM, dándolle presenza • Sensibilizar e informar sobre como actuar ante posibles casos de violencia, con especial fincapé ante as violencias invisibeis.	
ACCIÓNS	**EXEMPLOS**
Obradoiros e faladoiros en centros educativos	Obradoiro sobre saúde sexual no instituto
	Faladoiros sobre violencias
	Presentación do Plan de Igualdade ante o alumnado do instituto
	Que son os puntos lila
Presentacións persoalizadas do Plan de Igualdade ante diferentes entidades	-Presentación ante entidades: ANPAS, asociacións, centro de saúde, Policía Local, Garda Civil, profesorado, etc. -Presentacións nos centros sociais das parroquias
Revisión e actualización periódica dos contidos do CIM na web municipal	-Elaboración de guía de linguaxe inclusiva e remisión a responsables web.
Establecemento de mecanismos de comunicación e visibilización do traballo en igualdade	-Campaña en redes sociais. -Cartaces con frases inspiradoras e concienciadoras. -Cartaces informativos e folletos sobre o traballo do CIM. -Publicación do Plan de Igualdade na web do Concello. -Presenza da imaxe e contacto do CIM ou slogan en tódalas actividades que se desenvolvan.
Xuntanzas periódicas con centro de saúde e deseño de accións conxuntas	-Medicina comunitaria, con especial atención á saúde das mulleres: faladoiros sobre sexualidade, insomnio, ansiedade e estrés, alimentación saudable, etc. -Entrega de materias de difusión do CIM no centro de saúde.
Campamentos de verán con perspectiva de xénero	-Comunicación con perspectiva de xénero e contidos relacionados coa igualdade e prevención das situacións de violencia.
Creación de imaxe gráfica do CIM	-Elementos gráficos e logo específico do Cim (ver bosquexos no apartado 4 en elementos de comunicación).

4. FERRAMENTAS DE TRABALLO

Como se ten explicado ao comezo deste documento, este Plan ten un enfoque práctico co cal, además de definir as áreas estratéxicas e actuacións marco a desenvolver nos vindeiros anos, presenta unha serie de ferramentas de traballo que sirvan de apoio ao persoal político e técnico encargado do seu deseño e desenvolvemento.

Así, as ferramentas estrutúranse en dous bloques:

FERRAMENTAS PARA O DESEÑO E O SEGUEMENTO DE ACTIVIDADES

- Documentos de recollida de información

  - Acta de xuntanza
  - Ficha de actividade

FERRAMENTAS PARA A COMUNICACIÓN

- Fluxograma para a atención á vítimas de violencia de xénero:

  - Dende o centro de saúde.
  - Dende a Policía Local.
  - Dende a Garda Civil.

- Bosquexo logo CIM

- Plantilla de comunicación de actividades

- Plantilla comunicación CIM

4.1. FERRAMENTAS PARA O DESEÑO E SEGUEMENTO DE ACTIVIDADES

Neste apartado figuran algunhas ferramentas ou plantillas de documentos que se poden utilizar de cara a documentar, seguir e avaliar as accións que se vaian desenvolvendo mentres dure o Plan.

Estas ferramentas, que aquí se representan en modo imaxe, entréganse en formato dixital, coa posibilidade de integralas nun sistema máis complexo de traballo na nube.

- Acta de xuntanza
- Ficha de actividade

FORMATO DOCUMENTO ACTA DE XUNTANZA

Cando usala?

Naquelas xuntanzas significativas ou que teñan relevancia no ámbito de traballo do Plan (deseño de actividades, colaboracións, etc)

Para que sirve?

Para ter constancia dos pasos realizados, acordos con entidades ou colaboracións, documentación de información ou datos que sexa preciso recordar a posteriori, etc.

Quen a cubre?

Persoal do CIM, fundamentalmente, no marco do Plan.

ACTA DE XUNTANZA

DATA E HORA
ORDE DO DÍA
ASISTENTES
PRINCIPAIS CONTIDOS
CONCLUSIÓNS E SEGUINTES PASOS
ÁREA DE ACTUACIÓN DO PLAN COA QUE SE ASOCIA, NO SEU CASO
MECANISMOS DE COORDINACIÓN E TRABALLO CONXUNTO
ESPAZOS PARA A SOCIALIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL
AUTONOMÍA E PRESENZA DAS MULLERES
COMUNICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO TRABALLO EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

FORMATO FICHA DE ACTIVIDADE

Cando usala?

No momento de deseño dunha actividade e unha vez celebrada.

Para que sirve?

- Para planificar públicos, colaboracións, temporalización e obxectivos.
- Para adecuar a actividade ás áreas de traballo, e identificar a posteriori que áreas están menos cubertos e cales máis.

Quen a cubre?

- Principalmente persoal do CIM, en colaboración coas unidades colaboradoras, no caso de que as houbera.

FICHA DE ACTIVIDADE PLAN IGUALDADE CONCELLO DE MUXÍA

Nesta ficha introdúcense datos da actividade, tanto na súa fase de deseño como unha vez realizada.

NOME DA ACTIVIDADE	
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE. EN QUE CONSISTE, OBXECTIVOS A ACADAR, ONDE SE DESENVOLVE, ETC.	

DEPARTAMENTOS / ENTIDADES COLABORADORAS	
DEPORTES	
CULTURA	
XUVENTUDE	
SERVIZOS SOCIAIS	
CENTRO DE SAÚDE	
POLICÍA LOCAL	
URBANISMO	
PROTECCIÓN CIVIL	
MEDIO AMBIENTE	
EMPREGO	
OUTROS	

PÚBLICO DESTINATARIO	
ACTIVIDADE MIXTA	
SÓ PARA MULLERES	
SÓ PARA HOMES	

FRANXAS DE IDADE	
INFANTIL	
MOCIDADE	
IDADE ADULTA	
MAIORES	

TIPO DE ACTIVIDADE	
FORMACIÓN/OBRADOIRO	
FALADOIRO/DEBATE	
ACTIVIDADE CULTURAL (EXPOSICIÓN, OBRA DE TEATRO, CINE, ETC)	
ACTIVIDADE DEPORTIVA	
MANIFESTACIÓN	
COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN (REDES SOCIAIS, CARTACES, FOLLETOS, MAILING, ETC)	
OUTROS	

ÁREA DE ACTUACIÓN DO PLAN COA QUE SE ASOCIA	
MECANISMOS DE COORDINACIÓN E TRABALLO CONXUNTO	
ESPAZOS PARA A SOCIALIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL	
AUTONOMÍA E PRESENZA DAS MULLERES	
COMUNICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO TRABALLO EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	

UNHA VEZ CELEBRADA A ACTIVIDADE, CUBRIR:	
DATA	
HORARIO E QUENDAS	

ASISTENTES	
NÚMERO DE MULLERES ASISTENTES	
NÚMERO DE HOMES ASISTENTES	
IDADE MEDIA DAS MULLERES ASISTENTES	
IDADE MEDIA DOS HOMES	

VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

4.2. FERRAMENTAS PARA A COMUNICACIÓN

FLUXOGRAMAS PARA A DETECCIÓN E ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Estes fluxogramas son unha versión **actualizada e resumida** do Sistema de traballo en Rede en materia de violencia de xénero, da Mancomunidade de Fisterra (Concellos de Cee, Dumbría e Muxía).

Se ben este documento plasma as accións a desenvolver polos diferentes organismos e entidades que forman parte do sistema de atención a vítimas ou posibles vítimas, foi necesario realizar unha versión resumida coa finalidade de achegar os seus principais contidos ás persoas que poden atender ou xestionar situacións de violencia: a quen chamar, como proceder, en que orde, etc.

Debido aos posibles cambios ou rotación de persoal nestas entidades (centros de saúde, policía local, etc, etc), considérase preciso achegar esta información de forma resumida ás novas incorporacións que poidan ir chegando, a modo de documento de consulta.

Amósanse os procedementos xerais a seguir según onde se poida detectar un posible caso de violencia de xénero: centro de saúde, Policía Local ou Garda Civil.

Estes protocolos deben ir revisándose de xeito periódico, según os cambios legais, administrativos ou procedimentais que poidan xurdir, así como ás necesidades loxísticas ou outros condicionantes que non se contemplaran inicialmente.

PROTOCOLO DE DETECCIÓN E ATENCIÓN NO CENTRO DE SAÚDE

TELÉFONOS DE CONTACTO

CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DE MUXÍA: 981 74 20 01

Atención psicolóxica 981 74 20 01 (ext 128) Martes e venres de 9:30 a 14:00 horas
Asesoramento xurídico 981 74 20 01 (ext 24) Luns, martes, xoves e venres, de 10:00 a 14:00

POLICÍA LOCAL MUXÍA:

De luns a venres, de 8:00 a 15:00 981742528
De 8:00 a 20:00 680409875

GARDA CIVIL MUXÍA: 981 74 20 02





PROTOCOLO DE DETECCIÓN E ATENCIÓN DENDE A POLICIA LOCAL

TELÉFONOS DE CONTACTO

CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DE MUXÍA:

Atención psicolóxica 981 74 20 01 (ext 128) Martes e venres de 9:30 a 14:00 horas
Asesoramento xurídico 981 74 20 01 (ext 24) Luns, martes, xoves e venres, de 10:00 a 14:00

CENTRO DE SAÚDE DE MUXÍA: 981 74 20 68



PROTOCOLO DE DETECCIÓN E ATENCIÓN DENDE A GARDA CIVIL

TELÉFONOS DE CONTACTO

CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DE MUXÍA:

Atención psicolóxica 981 74 20 01 (ext 128) Martes e venres de 9:30 a 14:00 horas
Asesoramento xurídico 981 74 20 01 (ext 24) Luns, martes, xoves e venres, de 10:00 a 14:00

CENTRO DE SAÚDE DE MUXÍA: 981 74 20 68



Bosquexo logo CIM

Elemento de presenza gráfica para darlle máis entidade e presencialidade ao CIM na difusión das actividades e servizos a través de diferentes medios.

cim muxìa

Plantilla de comunicación de actividades

Para que sirve?

Para dar a coñecer unha actividade deseñada ou impulsada no marco do Plan de Igualdade contra a Violencia de Xéner

Para convocar públicos, informar sobre espazos, mecanismos de inscrición, lugar e datas de celebración, etc.

Quen a cubre?

As persoas encargadas do deseño e organización da actividades.

Formato

O formato de realización pode ser calquera ferramenta de elaboración de presentacións, gardándoa en formato .pdf ou .jpg de tal xeito que sirva para a súa incorporación a redes sociais ou espazos web, impresión en papel, etc.



Plantilla comunicación CIM

Para que sirve?

- Para dar a coñecer os servizos do CIM
- Horarios
- Contacto

AGRADECEMENTOS

Este traballo foi realizado grazas ás achegas de diferentes persoas e entidades do Concello de Muxía:

- ANPA ENFESTO CEIP VIRXE DA BARCA
- ANPA O FACHO CEIP OS MUÍÑOS
- ASOCIACIÓN MUXIANAS DE FÓRA
- ASOCIACIÓN PALILLEIRAS NOSA SEÑORA DA BARCA
- ASOCIACIÓN XUVENIL COMAREA
- CENTRO DE SAÚDE DE MUXÍA
- CLUB DE XADREZ CABO TOURIÑAN
- IES RAMÓN CAAMAÑO
- PERSOAL DO CIM
- PERSOAL TÉCNICO E POLÍTICO MUNICIPAL
- POLICÍA LOCAL DE MUXÍA
- PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA
- USUARIAS DO CIM
- XULGADO DE PAZ

PROXECTO FINANCIADO CON CARGO AOS CRÉDITOS RECIBIDOS DO MINISTERIO DE IGUALDAD, SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDAD Y CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO